



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xeografía para mestres

Materia	Xeografía para mestres			
Código	O05G110V01907			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Rodríguez Blanco, María Luz			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Trátase de que o alumnado adquira os coñecementos, habilidades e destrezas necesarios para ter unha visión xeográfica dos procesos naturais e humanos. Trátase tamén de que o alumnado desenvolva as súas capacidades de análises e de sínteses e o razoamento espacial, útiles para a súa formación profesional.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.

C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C34	Coñecer estratexias didácticas para desenvolver representacións numéricas e nocións espaciais, geométricas e de desenvolvemento lóxico.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
C37	Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
C39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sostenible.
C40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados
C41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir coñecementos e comprensión dunha área relevante do currículo de Educación Infantil	A1	B1	C24	D1 D3 D13 D14 D21 D22
Adquirir os coñecementos e a comprensión para deseñar e xustificar programacións docentes	A2	B1 B11	C13 C36 C40	D1 D2 D3 D8 D9 D17
Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico	A1 A4 A5	B11	C13 C24 C36 C40 C41 C44	D1 D2 D3 D5 D6 D7 D13 D22
Elaborar e avaliar recursos para o ensino e a aprendizaxe xeográficos	A2 A4	B2 B3 B11	C13 C36 C39 C40	D1 D2 D3 D5 D6 D17 D21
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes	A2 A4	B7 B11	C29 C36 C40	D2 D3 D5 D8 D9 D17

Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico	A3	B5 B11	C13 C44	D1 D2 D3 D6 D17
Manexo dos Tics de forma adecuada ás necesidades e niveis da Educación Infantil	A2 A4	B7	C34 C41	D5 D6 D9 D15 D16 D17
Ampliar a formación cultural	A1 A2 A3 A4	B4 B11 B12	C13 C36 C37 C40	D1 D3 D12 D13 D14 D16 D19 D22

## Contidos

### Tema

1. BLOQUE 1: Situación e representación espacial	Como é a Terra? Como a representamos? A necesidade de saber ler e interpretar mapas
2. BLOQUE 2. As consecuencias xeográficas dos procesos naturais	O sistema natural e os seus compoñentes. Os fundamentos xeográficos da diversidade de paisaxes naturais
3. BLOQUE 3. As consecuencias xeográficas da acción humana	Cantos somos e como nos distribuímos? Como nos organizamos? Como funciona o sistema global?

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	22.5	45
Traballo tutelado	9	21	30
Estudo previo	5	10	15
Resolución de problemas	9	21	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	13	15
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	10	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia, con apoio de material audiovisual e exemplos prácticos.
Traballo tutelado	Realización, en grupo, dun comentario exhaustivo dunha folla do Mapa Topográfico.
Estudo previo	Lectura e análise do material proporcionado previamente polo profesor.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios; traballos con material cartográfico; realización, análise e comentario de gráficos; comentarios de texto; análise e realización de recursos; deseño de programacións.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Resolución de dúbidas e problemas que poidan ir xurdindo ao realizar os traballos propostos, así como realizar un seguimento máis personalizado das actividades de aprendizaxe, mediante sesións presenciais no despacho, consultas a través de medios telemáticos (correo electrónico, plataforma de teledocencia FAITIC, despacho virtual en Campus Remoto, etc.).
Estudo previo	Resolución de dúbidas que expoña o material proporcionado ao alumno
Resolución de problemas	Resolución de dúbidas e problemas que poidan ir xurdindo ao realizar os traballos propostos, así como realizar un seguimento máis personalizado das actividades de aprendizaxe, mediante sesións presenciais no despacho, consultas a través de medios telemáticos (correo electrónico, plataforma de teledocencia FAITIC, despacho virtual en Campus Remoto, etc.).

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Presentación do traballo realizado acorde ás pautas propostas. Os resultados de aprendizaxe esperados son: - Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico - Adquirir os coñecementos e a comprensión para deseñar e xustificar programacións docentes - Manexo dos Tics de forma adecuada ás necesidades e niveis da Educación Infantil	15	A1 A3 A4	B2 B3 B11	C29 C36 C39 C41	D1 D2 D3 D6 D7 D9 D13
Estudo previo	Participación en clase e na plataforma de teledocencia. Os resultados de aprendizaxe esperados son: - Adquirir coñecementos e comprensión dunha área relevante do currículo de Educación Infantil - Adquirir os coñecementos e a comprensión para deseñar e xustificar programacións docentes - Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico - Ampliar a formación cultural	5	A1 A3 A4	B11	C24 C29 C36 C41	D1 D2 D3 D6 D9 D13 D15
Resolución de problemas	Presentación dos traballos realizados na aula (comentarios, reflexións, análises). Os resultados de aprendizaxe esperados son: - Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico - Elaborar e avaliar recursos para o ensino e a aprendizaxe xeográficos - Manexo dos Tics de forma adecuada ás necesidades e niveis da Educación Infantil - Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes	10	A1 A3 A4	B11	C24 C29 C36 C41	D1 D2 D3 D6 D9 D13 D15
Exame de preguntas de desenvolvemento	Tres probas teóricas sobre os conceptos básicos e contidos do temario. Os resultados de aprendizaxe esperados son: - Adquirir coñecementos e comprensión dunha área relevante do currículo de Educación Infantil - Adquirir os coñecementos e a comprensión para deseñar e xustificar programacións docentes - Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico - Ampliar a formación cultural	35	A1 A2 A4 A5	B1	C36 C37 C41 C44	D1 D2 D3 D8 D13 D22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tres probas prácticas sobre aspectos tratados no temario. Os resultados de aprendizaxe esperados son: - Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da Xeografía no estudo e análise espacial e dominar o vocabulario xeográfico básico - Elaborar e avaliar recursos para o ensino e a aprendizaxe xeográficos - Adquirir os coñecementos e a comprensión para deseñar e xustificar programacións docentes	35	A1 A3 A4	B11	C13 C34 C36	D1 D3 D7 D8 D13

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación detallada tanto para o **alumnado asistente como para o non asistente**.

As probas teóricas e prácticas, os traballos de aula, tutelado e demais actividades serán liberatorias. No exame final (oficial) faranse as partes que queden pendentes, no seu caso. En caso de non realizar as actividades, ou non realizar as probas correspondentes, faranse todas no exame final (oficial). Para obter un aprobado na cualificación final é CONDICIÓN NECESARIA superar as probas teóricas e prácticas. A realización das demais actividades por si soas, aínda que numericamente o permitan, non será suficiente para conseguir o aprobado final. Da mesma maneira, o aprobado da parte teórico-práctica non bastará para o aprobado final sen a realización e superación das demais actividades.

As probas teóricas e prácticas non se compensarán entre si de cara á nota final; é preciso aprobar as tres partes de maneira independente. Os contidos teórico-prácticos de cada proba serán os seguintes: na primeira, os do bloque 1; na segunda, os do bloque 2; na terceira, os do bloque 3.

Ás probas parciais teórico-prácticas só se poderán presentar aqueles alumnos que entregasen unha ficha debidamente cuberta dentro do primeiro mes.

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo. Nesta segunda convocatoria, xullo, e demais convocatorias extraordinarias, deberá facerse un exame global da materia. Non se conservarán as notas de eventuais partes aprobadas. Soamente se conservarán, en caso de realizarse na aula, as cualificacións das actividades das clases B. De non realizar estas actividades, deberán realizarse nese exame.

Todo o alumnado, asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado (mediante un exame ou no modo que se estableza na guía docente). As mesmas condicións de avaliación xerais rexen para aqueles alumnos que, por algunha razón, non poidan asistir regularmente a clase.

As datas oficiais dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade no espazo exames.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

AGUILERA ARILLA, M.J. y otros, **Geografía General I. Geografía Física**, UNED, 2013

AGUILERA ARILLA, M.J., **Geografía General II. Geografía Humana**, UNED, 2014

ALONSO, J. y otros, **Geografía. Curso de Acceso**, Centro de Estudios Ramón Areces, 2000

BIELZA DE ORY, V. (ed.), **Geografía General**, 3ª ed., Taurus, 1993

PAZO LABRADOR, A.J., **Nocións básicas de Xeografía Xeral Física para Mestres. As consecuencias humanas dos procesos naturais**, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2007

TROITIÑO TORRALBA, N.L., **Geografía General**, Centro de Estudios Financieros, 2011

### **Bibliografía Complementaria**

AGUILERA ARILLA, M.J. y otros, **Orientaciones para la realización de ejercicios prácticos. Geografía Física I**, 978-84-362-5908-7, UNED, 2009

ALBET, A. y BENEJAM, P., **Una Geografía Humana renovada. Lugares y regiones en un mundo global**, ICE de la Universitat Autònoma de Barcelona-Vicens, 2000

ESTÉBANEZ, J. y otros (1992), **Geografía Humana**, Cátedra, 1992

LÓPEZ BERMÚDEZ, F. y otros, **Geografía Física**, Cátedra, 1992

PLANS, P., **Geografía Física, Geografía Humana**, EUNSA, 1993

ROMERO, J. (coord.), **Geografía Humana**, Ariel, 2004

ZÁRATE MARTÍN, M.A. y RUBIO BENITO, M.T., **Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio**, Ed. Universitaria Ramón Areces, 2005

ZÁRATE MARTÍN, M.A. y RUBIO BENITO, M.T., **Glosario y prácticas de Geografía Humana**, Ed. Universitaria Ramón Areces, 2006

ZÁRATE MARTÍN, M.A. y RUBIO BENITO, M.T., **Paisaje, Sociedad y Cultura en Geografía Humana**, Ed. Universitaria Ramón Areces, 2011

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Aprendizaxe das ciencias sociais/P02G110V01601

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Coñecemento do medio natural/P02G110V01901

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual. Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

---